

GREGO II

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

CABRIAS PREPARA UNHA EMBOSCADA

Μετὰ δὲ ταῦτα Χαβρίας ἐξέπλει εἰς Κύπρον βοηθῶν Εὐαγόρα, πελταστάς τ' ἔχων ὀκτακοσίους καὶ δέκα τριήρεις, προσλαβὼν δὲ καὶ Ἀθήνηθεν ἄλλας τε ναῦς καὶ ὀπλίτας.

NOTAS: 1. Χαβρίας, -ου, Cabrias (xeneral ateniense). 2. βοηθῶν 'para axudar'. 3. Κύπρος, -ου, Chipre. 4. Εὐαγόρας, -ου, Evágoras (xeneral ateniense). 5. Ἀθήνηθεν 'dende Atenas'

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar DÚAS destas catro PREGUNTAS:

1. Análise sintáctica de Μετὰ δὲ ταῦτα Χαβρίας ἐξέπλει εἰς Κύπρον βοηθῶν Εὐαγόρα.
2. Análise morfolóxica de ἐξέπλει e προσλαβὼν.
3. De que feito histórico falan as *Helénicas*?
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con δέκα 'dez' e con ἄλλος 'outro'.

b) Contestar obrigatoriamente UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. Temas fundamentais da poesía de Safo.
2. Como e por que accede Edipo ó trono de Tebas?

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

EXPECTACIÓN DIANTE DAS PALABRAS DE DIONISODORO

Ὁ οὖν πρεσβύτερος αὐτῶν, ὁ Διονυσόδωρος, πρότερος ἤρχετο τοῦ λόγου, καὶ ἡμεῖς πάντες ἐβλέπομεν πρὸς αὐτὸν ὡς αὐτίκα ἀκουσόμενοι θαυμασίους τινὰς λόγους.

NOTAS: 1. Διονυσόδωρος, -ου, Dionisodoro (filósofo contemporáneo de Sócrates). 2. ἤρχετο, de ἄρχομαι (rixé xenitivo). 3. ὡς + participio indica finalidade ou intención.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar DÚAS destas catro PREGUNTAS:

1. Análise morfolóxica de ἤρχετο e ἀκουσόμενοι.
2. Análise sintáctica de ἡμεῖς πάντες ἐβλέπομεν πρὸς αὐτόν.
3. Causas da prisión e do xuízo de Sócrates.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con λόγος 'palabra' e con πᾶς, πᾶσα, πᾶν 'todo'

b) Contestar obrigatoriamente UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. Temas fundamentais da poesía de Safo.
2. Como e por que accede Edipo ó trono de Tebas?

GREGO II

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

SÓCRATES DEFINE AS SÚAS AFECCIÓNS EN COMPARACIÓN COAS DE OUTROS

Ἐγὼ δ' οὖν καὶ αὐτός, ὧ Ἄντιφῶν, ὥσπερ ἄλλος τις ἢ ἵππῳ ἀγαθῷ ἢ κυνὶ ἢ ὄρνιθι ἦδεται, οὕτω καὶ ἔτι μᾶλλον ἦδομαι φίλοις ἀγαθοῖς, καὶ ἐάν τι ἔχω ἀγαθόν, διδάσκω.

NOTAS: 1. Ἄντιφῶν, Antifonte (sofista). 2. ἐγὼ δ' οὖν καὶ αὐτός, 'tamén eu mesmo'. 3. οὕτω καὶ, 'así tamén', 'tamén do mesmo modo'

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar DÚAS destas catro PREGUNTAS:

1. Análise sintáctica de ἐάν τι ἔχω ἀγαθόν, διδάσκω.
2. Analice morfolóxicamente κυνὶ e ὄρνιθι.
3. Que relación tivo Xenofonte con Sócrates e en que obras fala desa relación?
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con ἵππος 'cabalo' e con φίλος 'amigo'.

b) Contestar obrigatoriamente UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. Distintos tipos de lírica en Grecia.
2. O mito de Edipo.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

SENSACIÓN QUE CAUSAN EN SÓCRATES AS PALABRAS DOS SEUS ACUSADORES

Οὐκ οἶδα ὃ τι μὲν ὑμεῖς, ὧ ἄνδρες Ἀθηναῖοι, πεπόνθατε ὑπὸ τῶν ἐμῶν κατηγορῶν, ἐγὼ δὲ καὶ αὐτὸς ὑπ' αὐτῶν ὀλίγου ἐμαυτοῦ ἐπελαθόμεν, οὕτω πιθανῶς ἔλεγον.

NOTAS: 1. Ἀθηναῖοι, 'atenienses'. 2. πεπόνθατε, perfecto de πάσχω. 3. ὑπὸ, 'por obra de'. 4. ἐγὼ δὲ καὶ αὐτὸς, 'eu mesmo, pola miña parte...'. 5. ὀλίγου 'por pouco', non vai unido a ἐμαυτοῦ. 6. ἐπελαθόμεν, aoristo de ἐπιλανθάνω.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar DÚAS destas catro PREGUNTAS:

1. Análise sintáctica de οὐκ οἶδα ὃ τι μὲν ὑμεῖς, ..., πεπόνθατε ὑπὸ τῶν ἐμῶν κατηγορῶν.
2. Analice morfolóxicamente ὑμεῖς e ἔλεγον.
3. Causas e desenlace do proceso de Sócrates.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con αὐτός 'o mesmo' e con ὀλίγος 'pouco, escaso, pequeno'.

b) Contestar obrigatoriamente UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. Distintos tipos de lírica en Grecia.
2. O mito de Edipo.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

De acordo co programa vixente, o labor de tradución e de coñecemento práctico da lingua grega considérase básico e non substituíble por ningún outro labor de estudos literarios, lingüísticos, histórico-culturais etc. En consecuencia, dos DEZ (10) puntos posibles reservaranse **SETE (7)** para a cualificación da tradución; as respostas ao temario contribuirán á cualificación final cun máximo de **DOUS (2)** puntos; a pregunta sobre a lectura de obras literarias cualificarase como máximo con **UN (1)** punto.

Na **TRADUCIÓN** consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) coma na léxica (erro na consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución.

Nas **PREGUNTAS** valorarase tanto o contido –cantidade e calidade de coñecementos– como o xeito en que son expostos –corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica etc.

Lémbrese tamén que en ningún caso será válido que o alumnado traduza o texto dunha opción e responda ás preguntas da outra opción.

É evidente que un exame en branco será cualificado con **CERO (0)** puntos.